

INVESTIGANDO O PROXECTO INTERDISCIPLINAR

GREGORIO MONTES, Antonio
IES Porta da Auga

Trátase de facer unha revisión da materia 'Proxecto interdisciplinar' e as súas posibilidades como materia de iniciación á investigación. Segue os pasos da comunicación 'Proxecto interdisciplinar: iniciación á investigación, presentada ó XXI Congreso de ENCIGA, actualizando o seu contido e analizando o devir despois dun curso de impartir a materia.

O Proxecto Interdisciplinar permite amplías posibilidades de actuación no método de proxectos, ó tempo que a obriga de actuación nos campos de diversas materias brinda a posibilidade de animar ós alumnos e alumnas a un coñecemento con certa amplitude dun tema do seu interese.

No curso 2008/2009 foi desenvolva unha primeira actuación de iniciación á investigación aproveitando esta materia de 1º ESO, na que se foron observando diversos erros que se analizan e tratan de corrixir na versión 2010/2011.

Entrevese a relación da materia coa consecución das competencias básicas, en particular en aprender a aprender, resolución de problemas, comunicación lingüística, competencia dixital e habilidades sociais e de autonomía.

Faise fincapé no balance entre diferentes tipos de contidos, cun programa que inclúe:

Clase inicial. Descubrir cousas... pensando. Sobre cores, olores... e os sentidos. Reprodución, demostración, investigación: cousas diferentes. Creatividade.

Tema. O título. Fixación de hipóteses. Variables, parámetros. Técnicas de recollida de información e a súa referencia: bibliografía, internet, recollida de mostras, enquisas, táboas, datos, gráficas,... Consideracións e acotacións á investigación. O deseño da investigación: testabilidade. Deseño do utillaxe. O seguimento do traballo. Resultados. Conclusións. A redacción da presentación. Difusión do traballo. Avaliación e valoración persoal.

Traballos bibliográficos, de campo, experimentais. Criterios segundo as fases de desenvolvemento da investigación. Tipos de medidas. Explicación dunha investigación. Traballo en equipo. Técnicas de experimentación. Comezo das investigacións persoais e comentarios sobre as mesmas.

Intento persoal de construción de táboa. Indicacións. Os datos. Construción táboas indicadas e revisión doutras. Comentarios sobre investigacións comezadas.

Explicacións gráficas. Indicacións para a súa construción. Variables e funcións. Construción de táboas indicadas e revisión doutras. Comentarios sobre investigacións comezadas.

E, no mesmo programa, ó final, pero dun xeito transversal a todo o anterior, o desenvolvemento dunha investigación sinxela, dende a súa iniciación ó seu final, sendo este o fío condutor para fixar todos os apartados anteriores.

As limitacións debido á idade e tempo lectivo, a máis de non ser considerada unha materia avaliable no mesmo senso que as demais do nivel, son evidentes. Iso merma as posibilidades do seu uso de calquera temática que se queira adaptar ó Proxecto interdisciplinar, pero quizais a boa adaptación ó método de proxectos da temática de iniciación á investigación a faga unha das posibilidades máis interesantes para desenvolver a materia.